

Nossomos

Revista trimestral, Número 0



CENTRO AUTONÓMICO DE XINTA DE GALICIA
Consello de Cultura Galega
Fomento da Música e as Artes Escénicas
Av. Alfonso Molina, 10 (36201) Vigo (Pontevedra)
Tel. 986 50 00 00

Nossomos

Revista da Escola de Música de Rianxo

Edita

Escola de Música de Rianxo

Dirección

Jesús Pérez

Redacción

Nereida Pérez

Diseño e maquetación

Jesús Pérez e Nereida Pérez

Ilustracións, audio e fotografía

Fondo Documental do EDPC da EMR
CC (BY-SA)

Colaboran

Equipo de Documentación e Preservación Cultural da EMR

Queremos agradecer a tantas persoas a xenerosa colaboración prestada dun xeito ou doutro. Moitas grazas.

Licenza

CC (BY-SA)

EDITORIAL

Esta revista que hoxe tedes nas vosas mans, *Nossomos*, nace como parte dun proxecto máis amplio que a Escola de Música de Rianxo decidiu levar a cabo. Este proxecto xorde motivado pola necesidade de dar resposta aos novos retos que se nos presentan nesta sociedade en constante cambio e pola necesidade que a Xunta Directiva observou, sobre todo despois das últimas asembleas, de seguir afondando sistematicamente nos mecanismos democráticos, de comunicación, de retroalimentación e de transparencia. Todo isto implica necesariamente dar conta dos obxectivos que nos marcamos, do que perseguimos cos obxectivos que nos propoñemos, da aplicación deses obxectivos e cal foi a nosa experiencia á hora de poñelos en práctica e o que aprendemos dela; para, deste xeito, poder afrontar retos cada vez maiores cos pés firmes. Pero ademais da imprescindible sistematización, tamén precisamos ledicia e optimismo para achegarnos a este traballo e, dende estas humildes páxinas, consideramos que todo isto comeza, precisamente, cun pequeno paso; comeza abrindo a mente e o corazón para poder ver con *novos ollos*, para poder apreciar o excepcional no cotián; porque, despois de todo; **facemos arte**. Esta revista pretende, pois, ser un elemento máis que fomente o diálogo, a expresión de ideas e a creatividade e, como é o noso convencemento; enriquecémonos, medramos e fortalecémonos na diversidade e na confrontación construtiva de ideas mentres que o ríxido e monolítico é o que nos debilita, mingua e empobrece.

Despois de expresar as cuestións que nos motivan a dar o paso do lanzamiento desta revista e para rematar este editorial queremos enumerar brevemente os nosos obxectivos

1. Unir forzas na dirección de crear unha corrente de pensamento que visibilice e poña en valor o traballo ao servizo das persoas que realiza a EMR e as súas seccións ao tempo que
2. afondar na idea de que a música non é algo illado e alleo ao contexto socio-histórico no que vivimos, senón unha expresión desa mesma sociedade elevada en forma de arte e
3. as nosas vilas e a nosa mocidade, que son a canteira dos futuros obreiros, intelectuais e artistas desta terra, vense non só representados senón, sobre todo, apoiados pola EMR.

Despedímonos, ata o próximo trimestre, resumindo todo o anterior nunha soa frase; frase que nos inspira e que conforma o lema do Equipo de Documentación e Preservación Cultural da EMR

Nos somos son da mar e da terra porque somos pobo

Jesús, Taragoña 20221230

ÍNDICE

- * ENTREVISTA Á XUNTA DIRECTIVA DA EMR. Eduardo Mosconi e Rafael Collazo.
- * OS TEMAS DA BEMR
 - * *Guláns*. Rogelio Groba Groba.
 - * *Moment for Morricone*.
- * AS PRÓXIMAS CITAS NA NOSA AXENDA... (tres meses por diante). Redacción.
- * UN PASEO POLOS NOSOS LUGARES. Leiro.
- * OS NOSOS NOVOS INTÉPRETES. Entrevista a Gloria Cespón e Anxo Blanco.
- * A MÚSICA DAS PALABRAS. *Vento Ventiño Vente, Ledicia e Novos Ollos*.
- * E LOGO TI...? Entrevista a Silvia Ferre.
- * E O CEO CANTOU PARA MIN. Nesta ocasión gozamos coa música de... *Close Encounters of the Third Kind* (1977). John Williams.
- * SINFONÍA DE SABORES... CONCERTO GUSTO. Longueiróns prancha.

ENTREVISTA Á XUNTA DIRECTIVA DA EMR

Redacción

NOSSOMOS: Saudamos a Eduardo Mosconi e Rafael Collazo, dúas das persoas que iniciaron o que hoxe coñecemos como Escola de Música de Rianxo e Banda da Escola de Música de Rianxo.

Para comenzar queremos preguntarlle a Eduardo. Que é o que leva a un grupo de persoas a propoñerse un proxecto como a EMR? Por que non, por exemplo, un proxecto deportivo no seu lugar?

EDUARDO MOSCONI: Dicía Platón que a música constitúe un instrumento fundamental para a educación. Tamén Aristóteles apuntaba que constitúe unha das catro columnas da aprendizaxe. Ademais temos que lembrar que estamos en Rianxo e a relación que este pobo ten desde sempre coa música. Desde o almirante trobador Paio Gomes Chariño, Anxo Romero e Xesús Frieiro, autores da Rianxeira, Castelao, Os Rosales, Arcos Moldes o mestre Chapí, as diferentes bandas de música deste Concello e as moitas orquestras,... dá a este pobo unha bagaxe musical da que ten que estar orgulloso e a cal ten que preservar. É importante para a cultura, tamén a Música. Os proxectos culturais empregan recitais, os concertos de música e danza, os coros, as bandas e as orquestras dos centros de música, sós ou combinados con outras actividades artísticas, para divulgar a música non só clásica, senón tamén a música tradicional e o folclore. Tamén dentro dos proxectos culturais pódense deseñar actividades de recuperación e conservación do folclore, tradicións e cultura popular, actividades de investigación etnográfica e de conservación do patrimonio musical popular. Por iso a EMR ten a súa razón de ser.

NOSSOMOS: Na pasada Asemblea, Rafael Collazo, o director da BEMR, fixo unha achega moi interesante sobre a súa experiencia na banda de Asados cando era, se iso fose posible, máis novo que agora, sobre a importancia da visión de grupo e do traballo en equipo. Gustaríanos profundizar neste tema. Poderías explicar que valores poden transmitir tanto a EMR como a BEMR?

RAFAEL COLLAZO: Os beneficios da música son innumerables: mellora a atención e a aprendizaxe, aumenta a capacidade de memorización, mellora a coordinación, axuda a aliviar o estrés, facilita o adormecemento, eleva o estado de ánimo... Pero tamén é unha excelente ferramenta para traballar a convivencia, interculturalidade e educación en valores nos nenos e nenas.

Os beneficios e atributos da música na educación en valores coñécense desde a antigüidade. Platón e Aristóteles, a través da Teoría do Ethos que estudaba o estado de ánimo das persoas, atribuíán á música un papel determinante na formación do carácter das persoas xa que podía fortalecer ou debilitar a súa vontade, estimular e condicionar as súas accións e comportamentos.

E é que, a través da música, pódese desenvolver a intelixencia emocional, promover a sociabilidade, a tolerancia, a empatía ou o traballo en equipo. Tamén é útil para crear lazos sociais, reforzar o respecto e fortalecer a súa autoestima.

E toda esta aprendizaxe e influencia ocorre sen que sexamos conscientes diso, porque conecta directamente coas emocións, procesando directamente a parte do cerebro na que se rexistran sensacións e sentimentos.

NOSSOMOS: A EMR e a BEMR naceron en 2003. Hoxe estamos ás portas do aniversario. En case vinte anos producíronse importantes avances; Partindo do crecemento da propia Escola de Música de Rianxo, a realización de campamentos, cursos e obradoiros, a formación de concxuntos e combos, o circuito musical anual polas nosas vilas e lugares, concertos, participación en concursos... Pregunta para o noso director, podería dicirnos cales son os maiores logros acadados tanto pola EMR como pola BEMR neste período de tempo?

RAFAEL COLLAZO: Pois creo que é un pouco o que falaba na anterior pregunta, o maior logro foi propiciar que os nenos e nenas de Rianxo poidan ter un espazo no que interactúen a través da música, despois diso

xa veñen os concertos especiais que facemos na clausura do Ciclo de Bandas que organiza a EMR, os premios que conseguimos nos certames nos que participamos, de organizar xunto con outras tres bandas o campamento musical Musigalizando, a estrea de obras, etc.

NOSSOMOS: Rematamos esta entrevista cunha pregunta a Eduardo Mosconi. En que estado se atopan hoxe en día a EMR e a BEMR? Cales son os nosos plans de futuro?

EDUARDO MOSCONI: Os centros de educación musical deben incardinarse no tecido comunitario e responder as necesidades sociais de gran calado pedagóxico e social e está asociada á idea da educación permanente e a educación ao longo da vida (Ortega, 2005) Neste sentido para poder levar a bo termo o anterior, necesitamos infraestruturas que actualmente non temos. É necesario dispoñer dunhas instalacións permanentes, tanto para a Escola de Música como para a Banda de Música.

NOSSOMOS: Agradecemos tanto a Euardo Mosconi como a Rafael Collazo a súa participación que nos deixa un sabor optimista de crecemento, de imprimación de valores construtivos entre a nosa mocidade, de recuperación cultural entre as nosas vilas, de loita por conseguir as infraestruturas necesarias para seguir medrando e, en definitiva, como estaba exposto anteriormente, de incardinación no tecido comunitario para dar resposta ás necesidades do noso pobo. Moitas grazas.

OS TEMAS DA BEMR

Jesús Pérez e Nereida Pérez

GULÁNS. ROGELIO GROBA GROBA

O pasodoble *Guláns*, que durante a pasada tempada estivo interpretando a BEMR, é unha emotiva peza con sabor a aldea, aquela¹ precisamente na que nace en 1930 Rogelio Groba. O



Interpretación da BEMR do tema *Guláns* en Leiro este pasado verán

pequeno Rogelio xa con 12 anos destaca sendo frautín solista na banda A Unión de Guláns e con tan só 17 anos a dirixe por primeira vez. Cun

¹ Guláns pertence ao municipio de Ponteareas, na provincia de Pontevedra.

amplo currículum académico e internacional cabe destacar que foi o fundador da Orquestra da Coruña e dirixiu o conservatorio de dita cidade. Sempre loitou pola creación da Orquestra Sinfónica de Galicia. Compuxo moitas obras (sinfonías (15), óperas (5), concertos (19), ballets (2), cantatas (14),...) sendo algunas delas interpretadas e grabadas pola London Symphony Orchestra entre outras formacións musicais de grande importancia internacional. Rogelio Groba Groba é, de feito, un dos compositores que máis obras produciu en todo o panorama musical clásico español. Pero non é tan só cuestión de cantidade; as súas obras son de gran calidade permitíndonos gozar dun amplo abano de estilos xa desde a potente e dura *Sinfonía número uno “lúdica”* pasando polas máxicas *Danzas Meigas* (ballet) que nos adentran nas brumas dunha carballeira até a más costumbrista *Porriño*.

Como referencias auditivas as tres obras mencionadas anteriormente poden desfrutarse en YouTube, sendo dúas delas interpretadas pola Sinfónica de Galicia e a terceira pola Banda de Música Sementeira de Cambre.

Tamén é posible mercar o disco *Elgar Cello Concerto Groba Cello Concerto*; un poderoso man a man interpretado pola London Symphony Orchestra, o refrescante e entretido *Diálogos* contando coa fantástica interpretación de Clara Groba, ou, por poñer outro exemplo o disco *Retratando...* interpretado pola Banda Municipal de Música da Coruña e dirixido por Marcel van Bree.

MOMENT FOR MORRICONE

Moment for Morricone, a peza que a BEMR estivo interpretando a pasada tempada, é un popurrí baseado en cinco temas de Ennio Morricone que alá polo ano 1980 arranxou Johan de Meij; temas que pertencen a dúas bandas sonoras de filmes do western dirixidos por Sergio Leone, como *Once Upon a Time in the West* e *The Good, the Bad and the Ugly*. Nado en 1928 e tras escoller a trompeta como instrumento principal, pódese considerar un dos grandes compositores e arranxadores de música para películas e series de todos os tempos. Compuxo a música

de máis de 500 series e películas e fixo moitos arranxos e adaptacións. Estudou trombón e dirección no Real Conservatorio da Haya.

Entre as súas composicións máis coñecidas destacan as bandas sonoras de películas do Oeste e, sobre todo, a chamada trilogía do dólar, é dicir, *Per un pugno di dollari* (1964), *Per qualche dollaro in più* (1965) e *Il buono, il bruto, il cattivo* (1966).

Porén, se temos a ousadía de mirar máis lonxe, baixar do cabalo e afastarnos do Salvaxe Oeste, descubriremos un Ennio Morricone moito máis rico. Comezamos esta andaina coa banda sonora da película *La battaglia di Algeri*, unha partitura asinada conxuntamente polos nosos Morricone e Gillo Pontecorvo e unha cinta que recomendamos dende estas humildes páxinas para unha sesión de cineforum²; ou as tres bandas sonoras, fermosas escenas musicais, que nos transmiten a magnética e cálida maxia do deserto con temas como *Saharan Dream*, *Secret of the Sahara*, *Il Principe del Deserto*, *Il Deserto dei Tartari*,... etc etc etc. e, aínda que pareza obligatorio, non imos falar dos coñecidos *Cinema Paradiso*, *La Misión*, *The*



Banda da Escola de Música de Rianxo interpretando *Moment for Morricone* este pasado Setembro nos Dolores, Rianxo

Untouchables, *Once Upon a Time in America*... Non o faremos por razóns de espazo e, sobre todo, para presentar outras xoias quizáis menos coñecidas pero non menos valiosas. En cambio, imos recomendar outra banda sonora dunha película de cineforum: *Novecento*³, a terrorífica *The Thing*, a fermosa *La Califfa* (toda ela), a sensualidade das películas *Cánone Inverso* e *La*

² Por que non aproveitar que *o Pisuerga pasa por Valladolid* e propor á Comisión de Actividades da EMR a organización periódica de sesións de cinefórum onde, ademais de compartir ideas e impresións sobre a música e o cine a nivel artístico, se poidan compartir sensacións e reflexións que un determinado filme produciu en nós? Pensamos que podería ser moi enriquecedor para a nosa formación.

³ Co seu *Romanzo*, tan fermoso que dá ganas de chorar.

Notte e Il Momento, a increible *Nostromo* e, porque se nos antolla e tócanos a vea sensible, *The Legend of 1900* cos seus tintes jazzísticos.

Pero non queremos limitarnos a bandas sonoras e, para rematar, e para rematar mal porque o gran Ennio merece moito más que estas liñas, deixámosvos unha recomendación especial que non é *outra* que o disco *Chamber Music* co que poderedes gozar dese *outro*, que non é *outro* que el mesmo... Ennio Morricone.

***SPLASH, DASH, FLASH!*⁴**

⁴ O noso Musicómetro di que tes dúas posibles repostas:

- 1.- Isto xa o coñecía! (Ti botas fume das orellas, tómate un descansiño coas tuas audicións)
- 2.- Pero que ***** é iso? (Tes que escoitar máis música, sigue buscando)

AS PRÓXIMAS CITAS NA NOSA AXENDA... (tres meses por diante)

Redacción

Neste número cero da nosa revista queremos non só falar daquelas cousas que se fixeron ata o momento senón ofrecer a todos unha ventá ao futuro, unha perspectiva dos próximos retos aos que nos enfrentamos como escola de música e banda musical.

Co fin de abordar as múltiples tarefas que ten que levar a cabo a nosa Escola de Música de Rianxo e, o que é esencial, abordalas delegando responsabilidades e ofrecendo espazos nos que as persoas que a integramos poidamos desenvolver a nosa iniciativa e creatividade ao tempo que fomentamos o diálogo e a compartición de ideas, a Xunta Directiva da EMR creou recentemente a *Comisión de Actividades*.

O obxectivo é atender ás necesidades culturais e sociais do noso pobo á vez que establecemos unha ponte de comunicación e retroalimentación entre a dirección e os socios. A actitude que necesitamos é comenzar a realizar tarefas partindo desde cousas sinxelas a máis complexas, cousas abordables polo recentemente nado equipo pero sen deternos; achegando ideas coa mente aberta e sen reservas e analizando sistematicamente os

pasos que imos dando para poder avaliar e aprender dos errores. Isto é moi importante; non tememos, nin ocultamos, nin nos avergoñamos dos errores ou os tropezos pois aprendemos moito más destes que dos acertos. Con esta actitude estamos seguros de que a Comisión conseguirá alcanzar todas as metas que se trace.

Así que, como podemos ver, todas as persoas, de maior ou menor idade, integrantes da banda ou familiares, obreiras ou intelectuais... podemos botar unha man dunha ou outra forma polo que, quen queira apuntarse, as portas están abertas. Realmente cremos desde esta revista que se trata dun proxecto ilusionante así que lle brindamos todo o noso apoio e por suposto estas páxinas.

Polo momento debido á súa recente creación, non dispoñemos dun calendario pechado para os próximos meses aínda que é certo que no próximo número da revista imos ofrecer ese calendario de actividades e ademais poderemos abordar en detalle eses proxectos, por que se elixiron e que se espera deles, á vez que máis adiante en futuros números poderannos informar a todas as persoas que integramos esta escola de que obxectivos se conseguiron e que valoracións se fixeron. Non podemos pois máis que felicitarnos pola creación dun organismo tan democrático e ao servizo das persoas asociadas.

Con todo si que podemos falar de dúas actividades que entrelazan os traballos da EMR e da BEMR, e estas son primeiramente o tradicional concerto de fin de ano que o pasado día 30 celebrouse na Sala Arcos Moldes. Concerto que esta vez serviu para recadar fondos en favor da causa do pobo saharaui e que congregou os apoios tanto de institucións como o Excelentísimo Concello de Rianxo como, e o que é máis importante, o pobo da localidade acudindo ao auditorio en gran número. O concerto foi moi emotivo con intervencións de Aldara Betanzos, vogal da EMR, Maite Isla, presidenta da ONG SOGAPS e o mozo Salamu quen nos explicou de primeira man os problemas polos que pasa este pobo e as necesidades que ten. Unha velada para lembrar.

Outra actividade que se vai a realizar este mesmo día 2 é a gravación do himno do CD Unión, que de seguro será algo moi divertido.

E para rematar, e aínda que non nos está permitido desvelar nada neste momento e sen que os da Comisión se decaten, non podemos resistirnos a anunciar moi gratas e emotivas sorpresas para os actos de celebración do xa próximo 20 aniversario da nosa escola. Así que, aviso para navegantes, esteamos moi atentos ;).

UN PASEO POLOS NOSOS LUGARES LEIRO.


EDPC

Neste apartado imos facer fincapé nas imaxes. Imaxes recollidas polo noso Equipo de Documentación e Preservación Cultural nunha das súas actividades chamada precisamente: "Un paseo polos nosos lugares". Trátase dunha actividade que ten como misión coñecer un pouco mellor aquelas aldeas, vilas, cidades nas que a Banda da Escola de Música de Rianxo ten actuacións. Deste xeito pretendemos achegarnos, a nós mesmos e aos nosos lectores, a tantos lugares polos que transitamos normalmente sen apreciar as súas peculiaridades e que, porén, están cheos, preñados, de tradición e historia.

Gozamos moito percorrendo as rúas de Leiro e o seu porto con tan amplas vistas, visitando as mámoas, petróglifos... recollendo anacos da nosa historia. Aínda así nesta ocasión queremos destacar un lugar máxico; a Aldea Maldita de Abuín, con esas leccións do pasado que tan amablemente os veciños de Leiro nos transmitiron, tan válidas para o noso presente e nas que xa afondaremos en próximas ocasións.



Cartel indicador dalgúns dos interesantes lugares a visitar.



O precioso parque Josefa Cerqueiras Vicente, idóneo para pasar una tarde agradable en contacto coa natureza.



Exemplo da fachada dunha enxebre vivenda nas rúas interiores que conforman o corazón de Leiro.



Fermosas rúas nas que facer unha viaxe pola nosa historia deixando voar a imaxinación.




Cabaciñas feitas polos nenos e nenas do colexió colocadas aos pés do cruceiro neste pasado Samaín.

Son Da Mar



Antigo pombal ubicado nunha eira que nos trae imaxes de tempos e vivencias do pasado.


E Da Terra



Fotografía tomada dende o porto de Leiro; onde
o vento che acariña a faciana e o son da mar che
calma coma nun berce de sal.



A Sociedade Cultural e Casa Escola de Vicente Vidal onde
tantos rapaces deron os seus primeiros pasos no seu camiño
vital.




O Porto de Leiro, unhas vistas incríbles para disfrutar cos seres queridos.



Os Petróglifos de Leiro, ubicados no corazón do bosque. O camiño ata eles, as máis das veces, unha auténtica odisea.



Fermosa flor, pertencente ao xénero *Impatiens*, fotografiada en Abuín.



As Mámoas dos Campiños, un lugar cheo da enerxía da Prehistoria.



A medida que nos adentramos na Aldea Maldita fómonos
sentindo afectados polo peso da historia.



Restos dunha antiga vivenda, cantas historias nos poderían contar estas
pedras...?



Panorámica mostrando o contraste dos tempos.



A natureza, recuperando o que fora seu.



OS NOSOS NOVOS INTÉPRETES

Entrevista a Gloria Cespón e Anxo Blanco

Redacción

NOSSOMOS: Presentamos esta sección que ten por obxectivo dar a coñecer novas promesas do mundo da música achegadas a nós. Persoas que viven ao noso lado, traballan, estudan,... e ademais prepáranse musicalmente. Persoas das que ignorabamos o grande traballo de anos que veñen facendo en silencio. O pasado Domingo 23 de Outubro pudemos asistir a un concerto pertencente ao V Ciclo de Novos Intérpretes no Auditorio de Rianxo.




Concerto no que actuaron Gloria Cespón (frauta) e Míriam Pardal (trompa). Temos a sorte nesta ocasión de entrevistar a Gloria, a quen facemos a primeira pregunta; Gloria, aínda que interpretaches un programa de música clásica, sabemos que traballaches tamén a música popular e que até no programa do pasado ano da BEMR interpretabas xunto con Ángel Moares temas coa gaita fusionando os instrumentos propios da música clásica cos instrumentos populares. En qué sentido crees que, como persoa adicada á música, che enriqueceu esa fusión e que experiencias persoais resaltarías?

GLORIA CESPÓN: Tiven a sorte de comezar tanto na música clásica como na música popular con tan só tres aniños, polo que sempre viñeron ambas xuntas comigo da man, non sabería dicir cal me gusta máis. Si que é certo que ata fai pouco nunca as fusionara; por dicilo así, pero sempre hai

unha primeira vez, como ben é certo o exemplo do programa pasado da BEMR no que cheguei a tocar temas coa gaita e á vez co resto dos instrumentos clásicos da banda. Hoxe en día é máis fácil ver fusións e cambios novos nos diferentes estilos de música que ata agora estaban moi estereotipados. Estes milleiros de fusións dan más posibilidades de chegar a máis xente e experimentar novos tipos de música sen poñer unhas barreiras estritas e descubrindo sempre algo novo e diferente.

NOSSOMOS: O pasado Domingo 30 de Outubro tivemos tamén a sorte de asistir a un concerto de percusión a mans de Anxo Blanco, tamén profesor de percusión da EMR, quen, para rematar o seu concerto, deleitounos (e abraiounos) co tema *The Big Audition* de Casey Cangelosi. Ao noso entender unha auténtica declaración de principios sobre o que debe ser (ou non ser) a educación musical. Gustaríanos que nos explicaras por que razón escolleches este tema, por que para rematar o concerto e tamén que nos falaras algo do seu compositor.

ANXO BLANCO: A principal razón pola que escollín tocar esta obra foi polo feito de que representaba, de forma a veces un pouco sarcástica, unha audición para unha orquestra. Na traxectoria de calquera estudiante de calquera instrumento de corda, vento ou percusión, dáselle moita importancia á preparación deste tipo de probas, habendo unha materia específica para iso durante os anos da carreira. Nesta preparación sempre intentamos alcanzar a perfección, pois sabemos que nunha proba real para unha orquestra profesional é o que se vai a esixir. Dase por feito que para iso non se poden errar notas, débese tocar a pasaxe dentro do contexto musical ao que pertence tanto rítmica como estilisticamente, ou débense respectar as dinámicas ao máximo, a veces incluso sabendo que nunha audición vas ter que tocar certos pasaxes esaxerando ata o límite por exemplo un *piano*, pero despois, na «vida real» dentro da orquestra, iso non é así. E precisamente esta obra quere representar a psique dun intérprete durante a preparación para unha audición orquestral e a audición real, así como o nivel musical, a veces absurdo, en canto as expectativas no mundo da música.



incluso sabendo que nunha audición vas ter que tocar certos pasaxes esaxerando ata o límite por exemplo un *piano*, pero despois, na «vida real» dentro da orquestra, iso non é así. E precisamente esta obra quere representar a psique dun intérprete durante a preparación para unha audición orquestral e a audición real, así como o nivel musical, a veces absurdo, en canto as expectativas no mundo da música.

En canto ao porque de tocala ao final do concerto, *The Big Audition* non é unha obra que lle requira ao intérprete estar fresco (por dicilo dalgunha maneira) para ser tocada e, polo tanto, non é necesario tocala ao principio dun recital, como si pasa con outras obras que teñen unha esixencia mental e física maior. Ademais, durante os dez minutos que dura a peza hai que estar aguantando e tocando os pratos de choque, que non pesan precisamente pouco, e ao rematar, polo menos no meu caso, non teño as mans o suficientemente relaxadas para poder tocar algo más delicado despois. Polo tanto, a razón é máis por organizar e dosificar o esforzo requerido en cada obra que toquei que por outro motivo.

Sobre o compositor da obra, Casey Cangelosi, é un percusionista e compositor americano moi novo (naceu no ano 1982). O seu traballo caracterízase polas novidades sonoras e estilísticas que aporta á música solista e de cámara na percusión. Dende obras tecnicamente complexas dende o punto de vista do instrumento e empregando técnicas estendidas, ata obras más libres, cun aire expresionista, nas que mestura instrumentos de percusión con outros obxectos da vida cotián, pasando por outras nas que combina a percusión cunha lograda e traballada electrónica, como é o caso desta obra. O seu atractivo e variado catálogo de obras fai que sexa un dos compositores más interpretados na actualidade.

NOSSOMOS: Volvemos con Gloria quen, na BEMR, a miúdo asume tarefas de responsabilidade interpretativa. Canto tempo levas estudando música?, cal foi o proceso que seguiches? e que lle dirías a alguén que se interese por este mundo, ou aos titores dalguén que vaia entrar neste mundo?.

GLORIA CESPÓN: Como ben mencionei antes, a música clásica comezou a formar parte da miña vida cando os meus pais me anotaron aos tres anos de idade na música e movemento, aos sete anos coñecín por primeira vez á miña compañeira de vida, a frauta traveseira, con quen sigo compartindo experiencias musicais ata a actualidade. Hoxe en día encóntrome acabando o último ano de grao profesional no Conservatorio Profesional de Ribeira da man da profesora Sabela Galbán, á vez que formo parte da Banda da Escola de Música de Rianxo, do Grupo tradicional Suevia de Porto do Son, onde tamén toco a gaita, a que collín por primeira vez con 11 anos e no concurso da TVG de Recantos en Luar onde canto.

A música é un mundo precioso, onde coñeces milleiros de persoas, vives milleiros de experiencias, hai moi bo ambiente, pero tamén é moi difícil; se te queres adicar á música profesionalmente, tes que ser constante

á hora do estudio e consciente de que sempre vai haber alguén mellor ca ti do que sempre poderás aprender. A música é arte, está sempre presente nas nosas vidas áinda que non nos decatemos. Nunca é tarde para aprendela, para vivila, para escoitala... tanto ten que teñas tres anos ou que teñas sesenta, se tes ganas a música estará agardando por ti sempre, desfrútaa.

NOSSOMOS: E rematamos estas entrevistas con Anxo ao cal lle faremos unha pregunta directa. Percusión; oh, percusión...Realmente... Cal é o papel da percusión nunca orquestra?

ANXO BLANCO: Pois o seu papel foi variando bastante dende que comenzaron a aparecer os primeiros instrumentos de percusión nas orquestras (timbais primeiro, bombo, pratos e triángulo más adiante) ata a actualidade. Ao principio os instrumentos de percusión empregábanse principalmente como reforzo a outros instrumentos da orquestra, como por exemplo as trompetas. Pero a partir do século XIX, grazas aos avances técnicos tanto na interpretación como na fabricación de instrumentos, a sección foi cobrando un maior protagonismo e pasando más a un primeiro plano, continuando coas funcións de reforzo a outros instrumentos e por suposto rítmicas, pero tamén explorando novos timbres e efectos con instrumentos de nova creación ou outros collidos da cultura popular, como a pandeireta ou as tarrañolas ou a incorporación de instrumentos de láminas e outros de parche. Nesta función tímbrica ou colorística destaca, por exemplo, Ravel, incorporando instrumentos do folclore de diferentes países e innovando na sonoridade tímbrica das súas obras, como na *Alborada Del Gracioso*, onde ten unha ampla paleta de sons grazas á percusión.

Por suposto, este protagonismo tamén se ve nos diferentes solos que moitos compositores lle outorgan á percusión, cos timbais, caixa, instrumentos de láminas e moitos máis, pasando de ser unha sección nun segundo plano dentro da orquestra a estar moitas veces nun primeiro, sendo a sección que máis avanzou e se estendeu dentro destas formacións.

NOSSOMOS: Agradecemos tanto a Gloria como a Anxo a súa participación nesta sección e esperamos que os nosos lectores se sentisen contaxiados da súa constancia e paixón pola arte tanto como nós. Desexámoslles o mellor dos futuros. Moitas grazas.

A Música Das Palabras

Vento ventiño vente

Vento ventiño vente,
remexe o meu corazón.
Nas rúas chove o vacío,
mais na miña casiña non.

E din que é perigoso
o teu aire respirar.
E din que a liberdade
pronto nos ha de sobrar.

E din que nin a túa cara
nun tempo poderei disfrutar.
Os veos cedo nos tapan,
as luces cando virán?

Nereida,
20200515 Taragoña, Rianxo.



Novos Ollos

Nos Somos

Son da Mar
e da Terra

porque
somos Pobo

Jesús,
20221225 Taragoña, Rianxo.

Ledicia

É preciso
perder o sorriso
para amorriñar
o Ceo?

Jesús,
20221116 Taragoña, Rianxo.

Audición Suxerida: *Wu Ji*
interpretado por Nereida Pérez.

林海

E LOGO TI?

Coñecendo mellor a aquelas persoas que, por mor da veciñanza e cotidianeidade, non as chegamos nunca a valorar no que valen... ata agora.

Redacción

Este apartado, sinceramente, non estaba previsto e xurdiu mentres preparabamos a síntese sobre o camiño artístico do mestre Rogelio Groba; que, nacido nunha pequena aldea de Pontevedra, pasou a facer cousas realmente importantes e incidiu no desenvolvemento de tanta xente despois (só citar, por exemplo, a creación da Orquesta da Coruña) pero que, por desgraza, moitos de nós descoñecíamos.

As preguntas serán sempre as mesmas... as persoas e as súas experiencias serán a variable nesta sección. Hoxe, Silvia Ferre Casar, quen naceu en Oviedo no Concejo de San Martín del Rey Aurelio o ano 1973 e vive actualmente en Rianxo, comparte connosco...

NOSSOMOS: Como descubriches o mundo da música, que foi o que che atraeu e como foi o teu proceso de aprendizaxe?

SILVIA: Este maravilloso mundo de la música ya era necesario en mi vida desde muy pequeña, aunque no ejercí como tal (cantante) hasta los 16-17 años, donde comencé a cantar canciones melódicas, aunque lo que más me gustaba era la canción española, de ese estilo ya había dos chicas, así que César, se decantó a que hiciese ese estilo y así poder tener todos los campos cubiertos en caso de alguna actuación, y menuda suerte haberlo hecho, pude recorrer cantantes como Paloma San Basilio, Mocedades, Nino


Bravo, Rocío Dúrcal, Luis Miguel... y adaptar mi voz a un timbre limpio, sencillo y afinado, con el cual convivo hoy en día y son mi sello al cantar.

NOSSOMOS: Que persoas te acompañaron neste camiño e de que xeito influíron e axudaron?

SILVIA: La primera persona fue César Alario, él era director de Teatro y dirigía la Agrupación Artística de la Salle en La Felguera-Asturias, me guió en el mundo de la música con mucho cariño y me enseñó a entender las letras de las canciones, cantar con playbacks (así era como se llamaban los actuales karaokes), de hacer temas a guitarra y voz, subir a un escenario y quitar nervios... decir que mi primera canción fue *Tómame o Déjame*, nunca me voy a olvidar de eso.

Poco después de esa etapa, entré en el mundo de las orquestas, tan afincado en Galicia y en Asturias, ésta aportó divertimiento y muy buenos momentos para recordar.

Finalizada esa etapa, entra en mi vida otro tipo de música, que no había escuchado nunca, Alfredo Susavila se encargaría de mostrármelas, hoy en día me siento más completa musicalmente, aunque me queda mucho por escuchar, jeje.



NOSSOMOS: Que cousas botaches en falta no teu proceso de aprendizaxe e que cousas pensas que tanto o resto de nós como as

institucións podemos facer para axudar a aquelas persoas que hoxe queren crecer a modiño⁵?

SILVIA: Desarrollar la teoría musical, aprender a tocar un instrumento, componer una canción y más aspectos que harían que completase mi carrera musical.



Tener una voz bonita o afinar no basta para ese crecer “a modiño”, hay que estudiar si realmente te quieras dedicar a una profesión, hay instituciones públicas o privadas que seguro te ayudan a mejorar muchos aspectos y ser más profesional personal y psicológicamente, todo va a depender del entorno del que te rodees y te cries.

N O S S O M O S : D in que aprendemos moito máis dos errores que dos éxitos e por iso gustaríanos que compartises connosco un erro, só un, que influiu en ti positivamente para o teu futuro desenvolvemento.

SILVIA: La época que me tocó vivir, no es la de ahora, con todos los adelantos y nuevas músicas, nuevos métodos de enseñanza, siempre pienso, ¿si hubiese estudiado música? ¿si supiese tocar un instrumento? Mal no me ha ido en la vida, aunque creo que me hubiese ayudado mucho saber más de la profesión que tengo. Desde hace unos años, intento mejorar mi oído a artistas nuevos, escuchar música es mi hobby preferido, unas me gustan más que otras, en la variedad está el gusto, pero quedarte en un mismo sitio toda la vida no creo que aporte mucho.

⁵ No sentido de medrar disfrutando daquelas cousas que consideramos importantes na nosa vida e dando valor e agarrando cada momento dese mesmo proceso de crecemento persoal.

NOSSOMOS: Cales son os proxectos máis importantes da túa vida profesional e cales deles más che cumpriron (quizais non coinciden, ou si...)?

SILVIA: Siempre pensé que estar en una orquesta era lo máximo, pero no, toda la vida he cantado las canciones de otros y otras y cuando Roi Casal me contrató para grabar sus discos de temas inéditos y en gallego, fue uno de los proyectos más bonitos vividos, de girar por Galicia con las orquestas a hacerlo por el mundo, de cantar en teatros grandiosos y hermosos.

A la par de esto, llega el proyecto *Unha Noite de Amor con Lela*, donde entran en mi vida las Bandas de Música, 60 músicos tocando y yo cantando con ellos, es una sensación indescriptible.

Me gustaría dar un guiño a otro proyecto que me hizo mucha ilusión, recuerdo por los años 80 ver vídeos musicales de mis artistas favoritos, como La Guardia, Marta Sánchez, Los rebeldes, La Unión..., y años después me llaman para hacer los coros a esos artistas y grupos en una *Gira Pop 1980*, 10 años llevo en este proyecto.



NOSSOMOS: En que proxectos presentes e/ou futuros te centras e cal é o que más che ilusiona?

SILVIA: No puedo contar mucho, jeje, los temas están pre-grabados y sólo queda ultimar detalles, decir que es todo en gallego, un idioma que me encanta cantar y en el que hay poemas, uff, que me ponen los pelos de punta de bonitos.

NOSSOMOS: Pregunta en branco... Cóntanos o que queiras.

SILVIA: Pues gracias por este ratito de recuerdos que me hicisteis sentir, de lo

b o n i t o
q u e o s
acordaraís



Moitas
grazas
Silvia por
participar
nesta
sección e
compartir
un
anaquiño
da túa
vida
connosco.



Audición suixerida: *El Ladrón*, da Sonora Santanera. Interpretado pola BEMR con Silvia Ferre e Alfredo Susavila no concerto *Verbena Sinfónica*, do verán do 2022.

E O CEO CANTOU PARA MIN

**Nesta ocasión gozamos coa música de...
Close Encounters of the Third Kind
(1977)⁶, John Williams.**

Jesús Pérez


Xogando un pouco coa frase orixinal (“El Sol salió anoche y me cantó”) da película cuxa banda sonora nos ocupa confeccionamos o título desta sección dedicada a compartir experiencias alén dos instrumentos musicais. Experiencias, sensacións, reflexións... que nos produciu a audición e goce de determinadas obras sendo por iso que non pretendemos facer unha análise científica senón máis ben abrir unha vía, unha porta de comunicación que permita o fluxo desas mesmas sensacións e reflexións, unha xanela ao corazón musical de cada un de nós. Esperamos que vos guste e convidamos a quen así o deseñe, a colaborar nesta sección.

O matrimonio entre a música e o cinema é algo que non nos soa estranxo. Así a todo, ao contrario, si que nos chocaría unha película ou serie sen música. É máis, no cinema, primeiro foi a música; depois a voz. Música interpretada ou reproducida mentres unha película muda se proxectaba na pantalla. Na maioría dos casos, a música acompaña á película realzando e reforzando o contido das escenas, e ata dándolle contido pois non significaría o mesmo a más terrorífica das escenas cunha música cómica que cunha música tensa. No primeiro caso podería chegar

⁶ Realmente hai que advertir de spoilers despois de máis de 40 anos da súa estrea?

a tratarse dunha parodia das películas de terror... e tan só cambiamos a música. Nalgúns ocasions as películas son musicais con maior ou menor predominio da música sobre os diálogos (cabe citar de exemplos, entre tantos e tantos, a un lado *Les Misérables* ou *Jesus Christ Superstar* e ao outro *Grease* ou *Singin' in the Rain*), noutras ocasions tratan explicitamente temas musicais por exemplo a dura *Whiplash* ou a máis (enganosamente) doce *La La Land*, ambas bandas sonoras asinadas por un Justin Hurwitz soberbio e totalmente recomendables por certo. Algunhas acoden á música para falar con maior ou menor acerto doutras cousas como así sucede en *High Fidelity* ou *Swing Kids*... Pero logo están as outras, aquelas que nos rompen os esquemas anteriores, e entre elas hoxe queremos falar dunha película, unha banda sonora, na que a música transcende á mesma música como expresión artística para metamorfosearse nunha ponte, nunha bela linguaxe para comunicar dúas especies diferentes.

Coa película *Close Encounters of the Third Kind* (1977) Steven Spielberg asina unha cinta que nos fala de relacións, relacións entre o *ser humano* que habita neste planeta e o *ser humano* que vén das estrelas. De relacións e de como se comunicarían esas dúas especies dado que, máis que non compartir a mesma linguaxe, é evidente que pola súa diversidade evolutiva non comparten moitas más cousas e xa sabemos que, como seres conceptuais que somos, poderíamos terminar vendo nubes onde en realidade hai velas... Polo tanto, a especie máis evolucionada elixe un sistema de comunicación non tecnolóxico, imos que nada de enviarnos mensaxes por radio desde o espazo como en tantos e tantos filmes de sobremesa de sábado..., senón que recorren ao máis básico; usarán a atmosfera do noso planeta como medio de transmisión de ondas sonoras e as nosas orellas (que xa nos veñen pegadas de nacemento e por tanto temos o costume de utilizar) como os receptores... e listo. Ben, claro, falta o cerebro que se dá por sentado e en disposición de uso por non sei que estraña presunción alieníxena, que traduza cinco notas musicais en coordenadas para un contacto *et... voilà!*. Ah bo, si, esquecíaselme; tamén aparecen no filme os *extravagantes*, os *loucos* que reciben a mensaxe; porque todos óeno (son moitos os chamados), pero case ningún, por esta ou aquela razón, fai caso (poucos son os elixidos)...



E velaquí que vai o Spielberg ese e elixe como compositor da banda sonora desta película ao mestre John Williams co que previamente traballara en *Jaws* e non o fai por casualidade precisamente. John Williams á parte dun xenio capaz de usar as seccións dunha orquestra dunha forma increíble levándonos en brazos desde algúns dos momentos máis épicos da historia do cinema (*Superman*, *Star Wars*,...), ata algúns dos momentos más íntimos e emotivos da historia do cinema (*For Allways*,...), pois que á parte diso, é capaz o tío, con tan só doutras alternadas, de pasar á historia; o que o convertía no compositor ideal para condensar unha mensaxe extraterrestre en tan só cinco delas.

Sensacións, moitas, son as que produce esta música prodixiosa e conste que xa desde o comezo, desde o seu primeiro tema *Opening: Let There Be Light* advertiunos nos seus escasos 47 segundos de duración, e o que avisa non é traidor, que nos agarremos que veñen curvas. Desde as inquietantes e opresivas sensacions que podemos atopar no tema *Barry's Kidnapping* cunha escena onde a leitosa luz, tan sólida que podería cortarse cun coitelo, os animados xoguetes e os parafusos que se afrouxan aparentemente sós, contrapónense a un neno que busca incesantemente, irrefreablemente, irracionalmente, ir cara a esa luz. Neno que non se pode deter porque áinda que non é o primeiro chamado, si que foi buscado expresamente. Tema da infancia, da inocencia, que en Spielberg se repite unha e outra vez; baste lembrar *ET* onde a cámara parecía mirar con bos ollos case tan só aos nenos, baste lembrar *Intelixencia Artificial* onde o robot que quería ser humano era, como non, un neno... e esta é precisamente una das ideas clave deste gran cineasta: ante os outros humanos, eses que camiñan xa polas estrelas... nós non somos máis que nenos. A cinta continúa entre descubrimientos, procura persoal, eleccións arriscadas, rompementos familiares, fuxidas, persecucións e ascensións por un monte fumigados como insectos... Pero permítaseme deixar isto para que o noso intelixente lector descubra por si mesmo, e demos un salto ao último tema; ese titulado *The Visitors/Bye/End Titles* no cal Williams nos leva desde a presentación dos visitantes das estrelas, con esas primeiras impresións cheas de caos, tensión e inseguridade, pasando por uns momentos de febril delirio das cordas para tras un crescendo seguido dun *forte súbito*, ir creando unha nova orde non exenta áinda de terror ante o descoñecido e é entón,



xusto entón, cando os trilos dos instrumentos de vento sinalan un novo amencer para a humanidade, polo momento debaténdose entre resistencias e temores pero onde aos poucos podemos percibir o novo amencer elevándose tras o horizonte, a melodía firme e amorosa tras a inseguridade inicial.

Amorosos brazos maternais estendidos pola especie máis evolucionada que nos rodean con firmes e expansivos movementos, coma se nun imaxinario berce nos arrolasen levando aos pioneiros terrícolas nunha viaxe máis aló do actual coñecemento. Explosión orquestral final que nos une con máxico fío ao tema da película *Pinocchio* (Leigh Harline). Pinocchio, o boneco de madeira que soñaba con ser de carne e óso, o neno que ansiaba crecer, o homo sapiens sapiens que aspiraba a ser universal, a ser humano.



Banda da Escola de Música de Rianxo interpretando *Far And Away* do mestre John Williams o pasado verán.

SINFONÍA DE SABORES...

CONCERTO GUSTO

(Longueiróns⁷ Prancha)

Jesús e Nereida

Abrimos esta sección cun prato moi popular aínda que non, non é un Zildjian.

Precisamos:

- * Longueiróns
- * Allo
- * Perejil
- * Limón
- * Aceite de oliva



Prato de longueiróns rematado.

Molusco bivalvo filtrador (filtra pero coidado, non pertence á familia dos Autotúns).

Os longueiróns teñen o seu tempo e isto é *molto vivace* para que estean ben vivos, e ao cociñalos que non os fagamos demasiado e sexan máis duros que un Petrov.

É mellor mercalos o mesmo día ou, no seu defecto, conservalos refrixerados con humidade e que poidan respirar.

Picar finamente o allo, dourar no aceite, colar e reservar.

No aceite ben quente engadiremos o perexil tamén picado finamente e apagaremos inmediatamente. Reservamos.

Na prancha cunha pinga de aceite e só cando estea ben quente colocamos os longueiróns e agardamos a que se abran. Cando a carne estea separada, dámoslle a volta todo na mesma cuncha e nese momento botamos o aceite co perexil e seguido dun chorro de limón que xa espremeramos previamente.

Rematamos espallando xenerosamente os allos crocantes sobre os bivalvos coma se dun arpevio longo se tratase, despois do cal poñerémos no prato de servir. Así entramos no inevitable *finale maestoso*, poñéndoos á mesa coa maior dignidade posible porque a xente está xa con fame.

Nota a pé... é posible acompañalos cun bo albariño seco e, por suposto, escoitando *A Pepa*.



Nossomos é unha publicación trimestral da Escola de Música de Rianxo.
Exemplar gratuito.
Licenza CC (BY-SA).